

CONTROL DE CALIDADE E CONFIRMACIÓN

A Unidade de Control de Calidade e Confirmación realiza en ADOS unha dobre función. Por unha banda, é a encargada de controlar que os componentes sanguíneos que se distribúen aos hospitais galegos estén dentro dos **parámetros de calidade** seguindo o establecido nas directrices europeas e nacionais. Este control garante a homoxenización dos componentes que se transfunden en Galicia.

Os requisitos mínimos de calidade do sangue e dos compoñentes sanguíneos están definidos polo Real Decreto 1088/ 2005, do 16 de setembro, pola European Directorate for the quality of medicines and healthcare (EDQM) na Guide to the preparation, use and quality assurance of blood components, 20th Edition, 2020, e nos Estándares de acreditación en Transfusión Sanguínea. Comité de Acreditación en Transfusión (CAT).

Realízase o control de Concentrado de hematíes procedentes de doazón de aférese e de sangue total, o control das unidades de plaquetas xa sexa procedentes de aférese ou de plaquetas recuperadas de doazón convencional. Realízase tamén o control de calidade do plasma, ben sexa o obtido con fins de transfusión ou para fabricación de hemoderivados. Ademais ADOS trimestralmente informa os centros receptores dos compoñentes dos parámetros obtidos.

Ademais, a Unidade de Control de Calidade e Confirmación, supervisa as **condicións de conservación** dos propios compoñentes sanguíneos, dos reactivos empregados, así coma de diferentes áreas e equipos de traballo, controlando, monitorizando e rexistrando diversos parámetros en puntos de medida da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

Por outra banda, realiza **técnicas de confirmación** de a todas aquelas doazóns que resultan reactivas no escrutinio de enfermidades infecciosas transmisibles por la sangre y así decidir a súa situación e informar ao doador.